



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CINCO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000019

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil vinte e tres, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 256 de data 16 de maio/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 18.05.23.-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 18.05.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á mesma).

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/17.-

Informase á Xunta de Goberno Local, das facturas da relación nº 17, do informe de intervención desfavorable nº 19/2023 (EMP 60/2023) con reparo suspensivo, e de que se levantou dito reparo pola alcaldía mediante decreto 277/2023 e da posterior proposta de Alcaldía que se reproduce:

- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/17.

Elabórouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/17 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 21 facturas ascende á cantidade de DOUSCENTOS ONCE MIL SETECENTOS TRINTA E NOVE

EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (211.739,68 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2023/17 por importe bruto de 211.739,68 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

3º.- SOLICITUDE DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ANO 2023.-

PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A SOLICITUDE DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ANO 2023:

“Visto o informe do persoal técnico de Servizos Socias, emitido pola traballadora social Paula Fernández Dopazo, sobre a subvención para os programas de FOMENTO DA CONCILIACIÓN e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais que se transcribe a continuación:

INFORME PROPOSTA “SOLICITUDE DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ANO 2023”.

Paula Fernández Dopazo, traballadora social do Concello de Valdoviño, en relación coa convocatoria de subvencións a entidades locais para a promoción de igualdade no ano 2023 (DOG 08.05.2023)

INFORMO

- Que nos últimos anos esta subvención foi solicitada polo Concello de Valdoviño para a realización das actividades de coeducación e igualdade baseadas nun obxectivo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral que inclúa, entre outros, a perspectiva de xénero.

- Que a dita subvención foi solicitada e xustificada, recibindo as cantidades solicitadas coas minoracións correspondentes, ao ter finalmente unha participación maior da prevista na solicitude.

- Que no ano 2022 solicitáronse dúas liñas da subvención relativas ao Programa de Conciliación e ao Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.

- *Que a necesidade das actividades está suficientemente xustificada pola natureza dos seus obxectivos, pola responsabilidade municipal de cubrir a conciliación familiar e de incidir socioeducativamente na prevención da violencia de xénero coa comunidade en xeral e coas familias en particular. Debido a isto, valórase positivo solicitar novamente os dous Programas.*

- Que a liña técnica de ambos programas está prevista na liña da solicitude anterior, destinando a subvención para dar cobertura ao Programa Concilia Tempos e tamén à posta en marcha de actividades para a promoción da igualdade e da prevención e tratamento da violencia de xénero.

Que segundo o anteriormente exposto sería preciso aprobar:

PRIMEIRO.- Solicitar a axuda para os programas de FOMENTO DA CONCILIACIÓN e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais e aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria.

SEGUNDO.- Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.

TERCEIRO.- Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente ao alcalde, do Concello ou, no seu defecto, ao persoal técnico de servizos sociais comunitarios..

CUARTO.- *Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa.*

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local como alcalde,

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local aprobar a solicitude de axuda para os programas de FOMENTO DA CONCILIACIÓN (PLAN CORRESPONSABLES e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais para o ano 2023 e aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria, con carácter previo e condicionado á posterior resolución.

Así o acordo, mando e asino na data que figura á marxe

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita

4º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

.- Licenza de obra maior.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR:

Expte: 235/2022. Tedec: 2022/U022/000022

.- Expte. de obras 235/2022.- (representada por)
.- Para as obras de **construcción de vivienda unifamiliar aillada e peche, nunha parcela situada no lugar de Riaña, 13, Meirás, Valdoviño (referencia catastral nº. 15088A502011950001HI).**

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto Básico, redatado polos arquitectos Elena Sarmiento Diez e Adrián Martín Prieto.
- Proxecto Básico (subsancións) redatado polos arquitectos Elena Sarmiento Diez e Adrián Martín Prieto, achegado o 31/01/2023 e que substitue ao anterior.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 16/05/2023 que se emite en sentido FAVORABLE

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 16/05/2023 en sentido FAVORABLE.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a (representada por)
Para as obras de construción de vivienda unifamiliar aillada e peche, nunha parcela situada no lugar de Riaña, 13, Meirás, Valdoviño (referencia catastral nº. 15088A502011950001HI).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Elena Sarmiento Diez e Adrián Martín Prieto e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 16 de maio de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: Taxas 1.203,26 €. ICIO.- 5.535,01 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a concesión de licenza en expte. de obras 235/2022, nos términos da proposta de Alcaldía descrita.

5º.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS; INSTADA POR JESSICA DÍAZ RAMÍREZ.-

Proposta de Alcaldía:

“Expte. 2023/R002/000007

Vista a instancia de dona [REDACTED] formulada en data 22 de maio de 2023, rexistro xeral de entrada núm. 202300000001375 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrita.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona [REDACTED] unha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron ao interesada como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso ao interesada, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA AO MARXE”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

6º.- EXPEDIENTE OBRA: PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA CAMPO DE FÚTBOL DE MOURENTE.-

Extpe: 2020/C003/000005

Obra: Proxecto completo de edificación de vestiarios para campo de fútbol municipal de Mourente"; incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+2020) e financiada ao 100% pola Deputación Provincial.

Proxecto redatado por: Rubén Fernández Lombardero, colexiado 3.870 do COAG,.

Prezo sen IVE: 106.976,32 €

IVE: 22.465,03 €

Importe total proxecto: 129.441,35 €

En Xunta de Goberno Local de data 01.10.2020 adxudícase á empresa **A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A** **por:** Prezo sen IVE.- 90.394,99 euros; IVE.- 18.982,95 Euros. **Total 109.377,94 euros;** e con prazo de execución de **CATRO (4) MESES.**

Apróbase Certificación nº 1 de importe total 10.008,20 Euros por acordo de Xunta de Goberno Local en sesión de 12.05.22 que se remite á Deputación Provincial e se aproba polo Organismo Provincial o seu pagamento.

En data 13.12.2022 a empresa adxudicataria presenta escrito no que **solicita a resolución do contrato por mutuo acordo**, sen penalización algunha e devolución do aval logo de avaliar os prezos do proxecto e vendo a inflación xerada no país pos-pandemia, detectando que executar a obra con ditos prezos é inviable na actualidade.

Indica que en pro de querer afronta dita responsabilidade, aplicaron ou solicitaron unha revisión dos prezos para con elo avaliar unha segunda alternativa. Que se observou tras un breve cálculo, que tampouco así se alcanzaría os prezos mínimos.

Tramitado expediente de resolución de contrato (Ref.2023/C008/000002), a Xunta de Goberno Local en sesión de 02.02.2023, acorda a resolución do contrato solicitado pola adxudicataria e realizar os trámites tendentes á adxudicación da obra co seguinte licitador que presentara a oferta máis vantaxosa, polo importe e prazo de execución, tendo en conta o informe do director de obra.

Considerando a valoración das ofertas, feitas para a Adxudicación co Programa de Valoración de Ofertas da deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 106.976,32 euros, no que resultara:

CIF: B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCION SL:

100% Factor prezo . Valor introducido polo licitador: 103.689,98 Baixa (%).- 3,07.-
Puntuación: 14,33

CIF: B70538459 BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.:

100%- Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 103.520,98 Baixa (%) 3,23.-
Puntuación: 15,07

CIF: B70574397 CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.:

100% Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 106.174,0 Baixa (%) 0,75
Puntuación: 3,50

CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:
100% Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 90.394,99 Baixa (%) 15,5
(Temeraria).- Puntuación: 71,50

CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL:
100% Factor prezo Valor introducido polo licitador: 95.065,84 Baixa (%) 11,13.-
Puntuación: 51,94

O licitador coa oferta máis vantaxosa resulta ser CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL.

Visto o informe do director de obra de data 27 de xaneiro de 2023, no que indica:

“ ...

Se realiza el presente informe en el que quedan reflejadas todas las obras que figuran en el proyecto de obra y que non han sido certificadas hasta la fecha, siendo el resumen el siguiente:

Presupuesto	ejecución	material.....
81.670,48			
13% de	gastos	generales.....
10.617,16			
6% de	beneficio	industrial.....
4.900,23			
<hr/>			
Suma.....		
97.187,87			
21%IVA.....		
20.409,45			

Presupuesto	de	ejecución	por	contrata.....
117.597,32					

Asciende el presupuesto de ejecución por contrata a la expresada cantidad de CIENTO DIECISIETE MIL QUINIENTOS NOVENTA Y SIETE EUROS CON TREINTA Y DOS CÉNTIMOS.

El PEM anteriormente indicado (81.670,48E) es fruto de restarle al PEM del proyecto (89.896,07€) el PEM certificado hasta la fecha (8.225,59€).

Es decir, $89.896,07 - 8.225,59 = 81.670,48€$.

Que en el caso de que la administración opte por la opción de realizar una nueva adjudicación de las obras pendientes, se estima un plazo de ejecución de CUATRO (4) MESES.

Que, en caso de que la administración opte por la rescisión de mutuo acuerdo en la que “los derechos de las partes se acomodarán a lo válidamente estipulado por ellas”, se considera que, previamente a la posible devolución del aval, se debería proceder a la comprobación, medición y liquidación de las obras realizadas con arreglo al proyecto, fijando los saldos pertinentes a favor o en contra del contratista.

...”

Vista a obra pendiente de ejecutar segundo o informe do director de obra aplicando o porcentaxe de baixa do 11,13% na oferta presentada pola empresa **CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL** foi a seguinte:

- a) Prezo sen IVE.- 95.065,84 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 19.963,83 Euros.
- c) Total 115.029,67 euros.

Acordouse en XGL 16.03.2023 requirirle documentación a esta empresa para a posible adxudicación polo importe de:

Importe sen IVE.- 86.370,86 euros.

IVE (21%).- 18.137,88 euros

Importe total: 104.508,74 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Visto o escrito presentado pola empresa GALLAECIA SL de data 31.03.2023 con núm. de rexistro 20239990000545 polo que renuncia a adxudicación da obra citada.

Visto que a seguinte empresa coa mellor oferta é a empresa **CIF:B70538459 BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.:**

- a) Prezo sen IVE.- 103.520,98 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 21. 739, 41Euros.
- c) Total 125.260,39 euros.

Acordouse en XGL 13.04.2023 requirirle documentación a esta empresa polo importe de:

Importe sen IVE.- 94.048,70 euros.

IVE (21%).- 19.750,23 euros

Importe total: 113.798,93 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Visto o escrito presentado pola empresa BARNACLE OBRAS Y SERVICOS SL de data 28.04.2023 con núm. de rexistro 20239990000698 polo que renuncia a adxudicación da obra citada.

Vista a seguinte empresa máis ventaxosa que é **CIF:B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACIÓN MADEIRA E CONSTRUCCION SL.** coa seguinte oferta, con baixa 3,07 (%):

- a) Prezo sen IVE.- 103.689,98 euros

- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 21. 774,90 Euros.
c) Total 125.464,88 euros.

CORRESPONDERÍA a adjudicación a esta empresa polo importe de:

Importe sen IVE.- **94.204,20** euros.

IVE (21%).- 19.782,89 euros

Importe total: 113.987,08 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia presentada por BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL no seu escrito de data 28.04.2023.

SEGUNDO.- Proponer a adjudicación da obra **á seguinte empresa máis vantaxosa, CIF:B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCION SL.** por **importe de 94.204,20 € euros; 19.782,89 IVE; total adjudicación contrato: 113.987,08 euros e prazo de execución de 4 meses.**

TERCEIRO.- REQUERIR a dito licitador para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula 16.- Adjudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adjudicación, excluído o IVE); **aos efectos de poder serlle adjudicada a obra.**

De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte.

Todo elo sen prexuízo do sinalado no artigo 71,72 e73 da LCSP.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Barnacle Obras y Servicios S.L de aceptación da súa renuncia, a empresa requirida ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCION SL a e ao Director de obra Rubén Fernández Lombardero para o seu coñecemento e efectos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

7º.- EXPEDIENTE 2023/C008/000005.- RESOLUCIÓN CONTRATO DA OBRA: SANEAMENTO E BOMBEO EN MONTEFARO.-

.- OBRA : SANEMAENTO E BOMBEO EN MONTEFARO, POS + 2021.-
Expediente.- 2021/C003/000003 (expediente contratación obra).

2023/C008/000005 (expediente para resolución de contrato)

Tipo contrato: Obra

Procedemento: Aberto, único criterio de adjudicación, factor prezo, tramitación urgente.

Denominación: POS+2021: SANEAMIENTO E BOMBEO EN MONTEFARO

Importe proxecto: Importe 152.333,16 €

IVE.- 26.437,99 €

Importe sen IVE.- 125.895,17 €

Adjudicación: 09.06.2022

Adjudicatario.- SYR AMG, S.L. co CIF B15938780

Importe adjudicación sen IVE.- 106.746,44 €

IVE.- 22.416,75 €

Total.- 129.163,19 €

Garantía definitiva.- Transferencia entidade ABANCA Corporación Bancaria, S.A. por importe de 5.337,32 €.

Formalización contrato.- 15.07.2022

Prazo execución.- 4 meses

Acta replanteo.- non a formalizaron

Antecedentes:

Visto o incumprimento de execución da citada obra pola empresa adjudicataria SYR-AMG, S.L: e aperturado expediente para resolución de contrato de referencia 2023/C008/000005, constan os seguintes trámites e documentos:

:

- Informe do Director de obra, asinado o 23.03.2023 no que di:

*“A la fecha actual **no se inició la obra**”. Por lo que a nuestro entender, procede la resolución del contrato ya que inciden dos causas sobre la posible rescisión del contrato, ambas recogidas en el Art. 211, punto 1, apartado f) y d) de la Ley 9/2017 CSP.*

*Por un lado el **incumplimiento** de la obligación principal del contrato coincidente con la prestación principal que constituye su objeto. Y otro, la demora en el incumplimiento de los plazos **sin justificación por parte del contratista** que superan en un plano superior a 1/3 del tiempo de duración inicial del contrato.*

Es nuestro criterio proceder a la “resolución de contrato” por parte de la Administración, así como a la “incautación de la garantía” por el incumplimiento por parte del contratista al amparo de la citada Ley 9/2017 CSP.

En este nuestro leal saber y entender, ante las causas conocidas que concurren, salvo la existencia de otras, que por su ocultación fuesen por nuestra parte desconocidas.”

-Certificado de Xunta de sesión 30.03.2023 no que se da conta do anterior informe e se acorda petición informe xurídico.

- Informes xurídicos da secretaría do Concello de datas 05.04.2023 e 10.04.2023.

- Informe de intervención municipal nº EMP 43/2023 asinado en data 25.04.2023 con dilixencia sobor do mesmo asinado en data 26.04.2023.

A Xunta de Goberno Local, na sesión de 27.04.2023, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros ACORDOU:

“Primeiro.- Incoar o procedemento para acordar, se procede, a resolución do contrato de obras referido.

Segundo.- Dar audiencia ao contratista polo prazo de 10 días naturais por terse iniciado o procedemento por oficio; non procede audiencia a avalista asegurador por ter feito o adxudicatario a garantía definitiva por transferencia bancaria.

Terceiro.- Formuladas posibles alegacións, emitirase certificado da secretaría municipal das alegacións presentadas e darase traslado ao servizos técnicos e xurídicos para que informen sobre as mesmas.

Cuarto.- No caso de que o contratista formule oposición, requirirase ditame do Consello do Estado ou Órgano Consultivo equivalente da Comunidade Autónoma.

Quinto.- Cos informes anteriores (técnicos e xurídicos) trasladarase a esta alcaldía proposta para a resolución.”

Atendendo ao disposto nos artigos 190 e 191 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, DÁSELLE AUDIENCIA AO CONTRATISTA en data 8.05.23 (rex. Saída 20230000000807) adxuntándose os informes técnicos, xurídicos e de intervención aos efectos de alegacións.

Presentouse con rexistro 202399900000819 (18.05.23) escrito de alegacións por don José Antonio Gómez Rodríguez en representación da entidade SYR-AMG, S.L. CIF: B15938780; que consta incorporada no expediente da súa razón.

..- Certificado da secretaria municipal de data 24.05.25 sobre alegación presentada.

Á vista do exposto, **a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, ACORDA:**

.- Solicitar informe técnico do director de obra, informe xurídico da secretaría municipal e informe da intervención municipal sobre a alegación presentada e pronunciamento sobre causa de resolución do contrato.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Á vista de que está preparado un expediente do negociado de obras e urbanismo, e para axilizar a resolución dos expedientes, o sr. alcalde presenta o mesmo via urxenza: licenza de primeira ocupación de vivanda.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda ratificar a urxencia e a inclusión nesta sesión (Fóra da Orde do Día) do expediente antedito:

.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Expte.23/2013.- [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivanda unifamiliar sita en Lugar Domondó, nº 8, parroquia de Pantín, Valdoviño, e que se corresponde co expediente de obras nº 43/2006, con licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/08/2006.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 24/05/2023 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivanda) e polo

tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como **FAVORABLE**.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder aos peticionarios [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita no Lugar Domondó, nº 8, parroquia de Pantín, Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.

Segundo.- Practicaraselle a liquidación da taxa por expedición de licenza de 1ª ocupación, cuxo importe é de 53,72 euros, segundo calculo que consta no informe do arquitecto municipal de 24/05/2023.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os Servizos Económicos aos efectos oportunos.

En Valdoviño, a 24 de maio de 2023.
O Alcalde,
Asdo. Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas _do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/